

11 poemas escollidos para estudantes

Esta selección de poemas vai para vós, “os novos que vein con forza”, como proclama a **Letanía de Galicia** [poema 6]. Neste himno do noso tempo está toda a historia e a alma de Galicia recollida desde o punto de vista das clases populares, e remata na máxima esperanza posta no noso pobo e no xénero humano.

Os dous primeiros poemas da nosa escolma expresan esperanza: un, **Galicia será a miña xeneración quen te salve?** [poema 1], nas xeracións; outro, nas persoas que ollan o alén, ao lonxe, máis alá. Así ollaba **Ith** [poema 2], o fillo de Breogán, que dende o alto da Torre de Hércules vía a illa de Irlanda, outros mundos, como nos conta o *Libro das invasións* —crónica medieval irlandesa. Como os demais non daban creto ao que vía, Ith navegou ata a illa, onde foi morto polos seus naturais. En vinganza, a tribo de Breogán conquistou Irlanda.

Un poema que arrepia, que sobre-

colle o corazón, é o **romance de Manuel de Ribadaira** [poema 5], crónica da残酷da á que chegou o xénero humano entre nós. O asasinato na más absoluta impunidade encheu de arrepio, como outros moitos lugares de toda Galicia, O Courel: Parada, Savane, Meiraos, Teixeira, O Real. Uxío asistiu de neno de seis anos ao pranto da aldea e gardou o suceso na memoria durante corenta anos.

Que distinto arrepio o que produce **o lobo!** [poema 8] Non sentides xa a súa presenza? E que ledicia lembrar tantos **trobadores e xograre**s e a más famosa de todas as soldadeiras, María a Balteira! [poema 3] A mesma ledicia de vivir despunta tamén cada **primavera** coas **tollemerendas** [poema 9] e no canto á **mocidade** [poema 7].

Vai como invitación a que ti tamén goces coa túa **lingua** [poema 10]. Uxío é poeta **da casa** [poema 11]. Que che preste! ■



Uxío Novoneyra sinalando un eido (1996) en Parada do Courel.

Foto: Federico García Cabezón.

I

GALICIA, será a miña xeneración quen te salve?
Irei un día do Courel a Compostela por terras libradas?

Non, a forza do noso amor non pode ser inutle!

1957

2

Lenda de Ith De cando vei e vai a Irlanda da Torre de Hércules

NA torre da noite
Ith fillo de Breogán
olla a chamar
do lonxe lonxes

Ith olla e sabe que n'é engaño canto il vei certo fixo ou venta
sabe que anceio é nova anque escura e que o Futuro xa só agarda a hora

En por iso il Ith irá ó encontro da Visión con seguranza

Non son nebras branquismas á lúa nin o laz navegando fríos mares

Eoi señor do Futuro! Estamos agardando o intre
dunha certeza igual que a túa ouh torre que mira en si rubida

E SIN GARDARNOS MOVER A FRONTEIRA

14 nadal 1988

3

CONVOSCO falo con vós el Rei Alfonso Esquío e Torneol
Pero Meogo e Mendiño que levades a frol
con vós el Rei don Denís de Portugal Pero Amigo
Roi Fernández de Santiago Martín Códax de Vigo
con vós galegos de voz xorda galegos de cristal
Xoán Airas Airas Nunes Bernal de Bonaval
Martín de Padrocelos perto donde eu nacín
Esteban Coello —a fremosa fía e canta manselín—
Xoán Zorro o da bailada i as barcas en Lisboa
Cerceo Bolseiro o de Armeá o de Guillade o de Ambroa
i o da Ponte Lourenzo Martín Moxa Eanes do Cotón
Roi Paes Soares Lopes Lopo Lías e tantos más que son
i entre tódalas soldadeiras sola ti María a Balteira
belida dos dados donda da danza a pirmeira.

Son eu trobadores do pensar
que non se debe ter por trobador
trobador que troba por trobar
sin ser de tal coita sofridor
que non pudera sin rebrer calar.

E non é menester que vos diga
pra quen vai dreita esta cantiga.

4

SEGÚN a tarde vai caíndo
vánseme sumindo
os soños na sombra e vai rubindo
a dor.

Según a noite vai entrando
vánseme afogando
os soños na sombra e vai medrando
a dor.

Según a noite vai enchendo
vánseme perdendo
os soños na sombra e vai podendo
a dor.

5

Romance de Manuel de Ribadaira

A Federico García Lorca

P

OR toda a serra homes galgando
de noite petan MANUEL CELA chamaron
MANUEL DE RIBADAIRA prós do lado

rípanlo ós pais de entre os brazos
e din que din que baixaron
dacobalo dil polo REAL abaixo
din que lles prometía a escopeta de canos
i a cadiña nova que il tiña insinado
e que non volvería aprovecer en anos
que lle xancen un dedo pra levarlo
en proba ós que mandaran matalo

pasaron SAVANE e MEIRAOS de largo
poucos o viron todos se ciaron
a avistar TEIXEIRA fixeron alto
xunto a cova grande escollerón campo
volteou no aire o primeiro disparo
houbo logo un segundo un terceiro e un cuarto
guindárono ó fondo sin rematalo
botaron tras dil seixos e lanchos
algo viron e ouviron pastores do gado
e trougo recado a probe co saco

foi o concello de PARADA sacalo
tuveron que pór douis liames atados
preso da cintura baixa seu pai imbaixo
átao con fibelas e lazos cruzados
soben a MANUEL morto logo ó pai de anos

pórtano en andas polo monte lampo
atravesan lugares por un foco de espanto
marcados pasos apelotonados
o que foi a pé é en andas tornado
hastra SAVANE e tralo adro

volta REAL arriba concello calado
todos co mesmo silencio cargados
a PARADA chegan estase agardando
didiante da casa o pobo acircado
eilí vin eu nino de seis anos
da mai i as irmás o pranto más alto
ata que unha a unha se foron esmaiando

din que eran catro os que o pasearon
e que todos iles morreron arrabeados
catro eran son nomes que calo
cúmprense niste corenta contados.

1976

Manuel de Ribadaira: Manuel Cela Macía, veciño de Parada asasinado en 1936, cando contaba 23 anos de idade.

Parada, Savane, Meiraos, Teixeira: lugares da serra do Courel.

O Real: desfiladeiro entre Parada e Savane por onde baixa o Camiño Real, unha das vias de penetración no Courel, desde Oencia, na veciña provincia de León.

6

Letanía de Galicia

GALICIA digo eu /	un di	<i>GALICIA</i>
GALICIA decimos	todos	<i>GALICIA</i>
hastra os que calan	din	<i>GALICIA</i>
e saben		<i>sabemos</i>
GALICIA da dor	chora	<i>áforza</i>
GALICIA da tristura	triste	<i>áforza</i>
GALICIA do silencio	calada	<i>áforza</i>
GALICIA da fame	emigrante	<i>áforza</i>
GALICIA vendada	cega	<i>áforza</i>
GALICIA atrelada	queda	<i>áforza</i>
libre pra servir		<i>libre pra servir</i>
libre pra non ser		<i>libre pra non ser</i>
libre pra morrer		<i>libre pra morrer</i>
libre pra fuxir		<i>libre pra fuxir</i>
GALICIA labrega		<i>GALICIA nosa</i>
GALICIA mariñeira		<i>GALICIA nosa</i>
GALICIA obreira		<i>GALICIA nosa</i>
GALICIA irmandiña		
GALICIA viva inda		
recóllote da TERRA		<i>estás mui fonda</i>
recóllote do PUEBLO		<i>estás nil toda</i>
recóllote da HISTORIA		<i>estás borrosa</i>
recóllote i érgote no verbo enteiro		
no verbo verdadeiro que fala o pueblo		
recóllote prós novos que vein con forza		
prós que inda non marcou a malla d' argola		
prós que saben que ti podes ser outra cousa		
prós que saben que o home pode ser outra cousa		
<i>sabemos que ti podes ser outra cousa</i>		
<i>sabemos que o home pode ser outra cousa</i>		

1968

/a parte en cursiva está pensada para que a diga o público en coro/

7

Á nova mocidade

A GALLOPA agallopá cabalo novo
atroxá a sebe do pobo
agallopá cabalo alto
ralva todo dun salto
guinda cancelos
torrepeneiros
ichós ó estreito
cun home solo pecho no meio do muro vello e dil mesmo feito

pincha no val
agallopá dobra abre ancho camiño real

1966

8

COUSOS do lobo!
Caborcos do xabarín!
Eidos solos
onde ninguén foi nin ha d'ir!

O lobo! Os ollos o lombo do lobo!

Baixa o lobo polo ollo do bosco
movendo nas flairas dos teixos
ruxindo na folla dos carreiros
en busca de vagoada más sola e más medosa...

Rastrexá
párase e venta
finca a pouta ergue a testa e oula
ca noite na boca...

9

NACEN as tollemerendas
polos compazos i os chaos
na Cemba da Remesqueda
no Souto de San Romao.

Cai a choiva que dá sono
no quedo serán dos prados
i eu cravo enviso os meus ollos
sin ver o que estoun ollando...

10

Alalás encadeados

ÉXA hora de que señas
Terra patria dos teus
dos que gardaron a fala
en que más se dixo “adeus”

e señas dona de ti
e señora de falar
señora de decidir
e dona de se negar.

1970

II

A casa de Parada


ACASA de pedra e cal vella
—solaina e ventanas prá serra—
feita fai cen anos á miña maneira!

CASA grande más grande nas tardes.
Paredes lampas.
Cántas veces teño quedado fóra da hora
levado por todo ou nada!



Casa da Fonte, a casa de Uxío Novoneyra no Courel.

Elexía pola aldea: Os derradeiros labregos



Uxío Novoneyra no lousado da súa casa do Courel. Foto: Federico García Cabezón.

» Uxío NOVONEYRA

Texto tirado de "Pra ver O Courel" (*La Voz de Galicia*, 3/01/1999), o primeiro parágrafo, e *Dos soños teimosos* (Ed. Noitarenga, 1998) o resto.

Poucas descricions poden dar a impresión dunha terra como os meros nomes dos lugares e os topónimos. Moitos distes están tamén a desaparecer cos derradeiros labregos. Alá, «onde só queda alguén pra aguantar dos nomes».

Aínda que más que ver as terras, son de oír ises derradeiros labregos, ás veces sos, trala visita anual dos emigrantes, fronte ao desamparo da serra despoibada. Cando algúnn deles desaparece, non desaparece só un individuo: desaparecen ao mesmo tempo unha

casa, unha aldea, unha forma de vida que se creu eterna e que foi a base da Lingua.

Agora estou escribindo como unha elexía polo mundo rural. Neste libro o único que fago é moverme nos espazos da serra, pasar polas diferentes aldeas, ou sexa, facer unhas rotas, por iso se chama *Libro de rotas*. E vanse nomeando os sitios, e produce unha emoción grande con só nomear:

*No Carbedo dona Ildara,
Dona Briosa na Seara,
Lucenza campa cimeira,
a Devesa da Rogueira,
Mogoxe, Torre Cabreira,
entre a Cova da Gralleira
e a Fonte de Ricamonte.*

Como a letra dun esconxuro. Nomes cargados de todo o que neses sitios se deu ou soñou. Moitas veces parece que os fixeron para entrar só nese verso. Tal vai ser *Ámeto mítico*, que engloba con outros o *Libro de rotas*. No fondo non é que sexa un ámbito mítico, pero si o ámbito dun pasado que aínda clamea. Porque noto unha cousa que ocorreu nestes anos pasados: a significación negativa que se lle deu á memoria labrega, o que chamaron ruralismo e que eu considero que foi reducinte para a nosa literatura. Porque a experiencia más profunda e distinta que teñen os galegos puidera ser a do seu pasado rural, e agora era o momento de memoralo, porque aínda está bastante recente. E precisamente neste momento, cando inda se nota a agonía do rural, e até a mesma xente nada no rural, eses que non tiñan outra memoria fuxiron del. Fuxiron del e resentiuense a alma galega e a súa mesma literatura, que tiña un gran fondo e motivo aí. Unha memoria intensísima e riquísima. Fuxiron por esa pre-

sunción de que era pasado rebasado. Hai unha traizón moral por non consideralo, cando realmente a agonía do rural era o acontecer social máis patente que se estaba dando na comunidade. E fuxiron diso no momento en que era o más patente e doloroso e vivo; a perda do mundo rural. (Non se debe aceptar nunca a inviabilidade dunha vida labrega plena, sería aceptar a inviabilidade de Galicia). E apartaron a mirada, por non aparentar rurais, e quizais por iso apartouse tamén a mirada da Lingua-Fala.

Os escritores, moitos, apartaron a mirada do rural, outros deixáronse da Lingua, porque estaba vinculada a ese pasado. É dicir, hai aí unha dimisión, unha falta de instinto de situación. E todo por iso, por considerar o rural como sobrepasado e non considerar a súa grande riqueza. Vírono como arcaico, só como pasado. Fuxindo da aldea perderon toda a experiencia que vén dende o Neolítico. Case todas as culturas e case todas as linguas son, en principio, linguas rurais, e no intre en que ese mundo está presribindo, pois merece a memoria e reconsiderar o seu valor. Sen embargo, pois nada, considerárono simplemente un non-moderno.



Glosario

No poeta courelao hai unha clara vontade de usar a fala popular de Galicia e da variante da súa terra natal, O Courel. Por iso é que respectamos todas as súas solucións e acompañamos estas notas coa intención de axudar a unha comprensión axeitada da poesía do autor. Elaborámolas coas do propio Uxío que figuran n'*'Os eidos. Libro do Courel'*.

abraira: abeleira, árbore das abelás.

abur: abonda xa.

al: outra cousa (medieval).

algún, algúa, algús, algúas: variante dialectal do indefinido *algún, algunha, algúns, algunhas*.

amarguexo: herba amarga.

amentar: lembrar, traer á mente.

ameter: botar auga a fonte que estaba seca, manar.

ametencia: medrar en caudal, por exemplo as fontes ou os ríos.

ámeto: ámbito.

amoiar: pesar moito, facer sentir moito a presenza.

***anceio** (lusismo): ansia, arela, degoiro, aspiración, desexo ardente.

***anque:** áinda que.

argana: herba dura das penedías e secanos; os seus talos, aparentemente secos, volven a ver-degar coa choiva. *espiña*.

atraguer (dialectalismo): atraer.

atrelada: con moitas ligaduras, unhas tensando as outras.

bicarelo: o mesmo bico, a puntiña máis alta.

brelo: ponla pequena das árbores, cana, canella.

carnabudo: capudre; árbore das fragas e devessas altas que dá uns froitos como cereixas.

carrozo picafondo: regueiro que baixa irado do bico ao fondo dun monte ou fraga; cauce dos ríos que baixan do monte. VAR. *carriozo, carronzo*.

cavoreco (do lat. *cavu* 'oco'): sitio fondo e pecho; depresión profunda na terra; barranco, foxo, caverna.

cerrelo: terreo pedregoso, xeralmente alto, imposible de cultivar.

ciar: poñerse a un lado, recuar, andar cara a atrás o carro ou unha embarcación.

cimpre: simple.

couso: depresión súpeta da terra, foxo, zanxa feita adrede para cazar o lobo.

debrocar: deborcar, envorcar, colher para abaixo nun camiño ou nun monte, volcar.

devesa: bosque autóctono, fraga.

eido (lat. *aditu*): *s.m.* 1. Campo, terra de labor. || *s.m.pl.* 2. Conxunto de bens que constitúen unha herdade, composta polas terras de labor, casa, etc.

elexía: composición que expresa o laio pola morte dunha persoa.

enciño: aciñeira; o seu froito é a landra.

enviso: sumido, ensumido, ido, abstraído.

fonosimbolismo: evocación de sensacións mediante a expresividade dos fonemas; é o recurso estilístico máis característico da poesía de Novoneyra.

galgar: saltar, atravesar a correr, subir rápidamente aos saltos. alancar.

gándara: sitio alto poboados de uces e carpazas.

haiku: composición poética xaponesa, moi breve, que trata de expresar un universo entero cunha linguaxe chea de suxestións. Uxío é o introdutor dos haiku na literatura galega.

humedén: humidade.

i: variante antihiática da concunción copulativa *e*.

ichó (lat. *ostiolu*): trampa para cazar coellos, perdices e outros paxaros.

il, iles: variante dialectal do pronome persoal *el, eles*, propia do galego central e oriental, na provincia de Ourense e sur da de Lugo.

inorde (lat. *in ordine*): amodio, de vagar, engorde, con lentitude, pasenijo, pouco a pouco.

ise, iste: variantes dialectais dos demostrativos *ese, este*.

laz: capa de xeo formada na superficie da auga cando baixa moito a temperatura; lazo, carambelo.

Iene: leve.

***letanía** (castelanismo): ladaíña; lista, enumeración de carácter litúrxico.

***libertá**: forma apocopada de *liberdade*.

lousado: teito da casa a base de lousas de xisto ou pizarra.

mai: variante dialectal de *nai*, moi estendida polo nordés da provincia da Coruña, a case totalidade da de Lugo e a metade oriental da de Ourense.

mao: variante dialectal de *man*, propia do galego central e oriental.

merleao: merlo.

muito (dialectalismo): moito.

nebra: néboa, brétema.

nino: neno, meniño.

neve polvoríña: neve moi fina.

nino: neno, meniño.

ouriolo (do latín *aureolu* ‘douradiño’): paxaro córvido, de plumaxe amarela intensa e ás e cola negras o exemplar macho, e verdosa agrisada a femia; colga o seu niño das pólas horizontais das árbores. SIN. vichelocrego, milleiro, nicolao, papafigo.

panqueixo (*primula veris*): primavera, flor que se dá nos souts de abril a maio.

porraca: charca, poza.

***pueblo**: forma castelanizada de *pobo*.

pulo: impulso.

quizabes: forma arcaica que pervive ainda en áreas restrinxidas e ten certo uso literario. A forma preferida hoxe en día é *quizais*.



ralvar: salvar, saltar, rebasar; dar a primeira arada a un terreo.

rebola: carballo novo, delgado e baixo; rebolo é o gran carballo grosos, que forma carballeiras, chamadas no Courel reboleiras.

rebrer: rever, amolecer.

represso: presa dos soutos encostos, para deter as castañas.

ripar: sacar, quitar.

sabugueiro: arbusto de flores brancas; a cerna é substancia esponxosa que usaban os nenos para facer tiratacos; bieiteiro.

sambunguín: moi común en toda Galicia, sobre todo na beira dos seus ríos, en media montaña. Pode atoparse en Galicia ata os 1.000 metros. É unha árbore máis ben pequena, ata 4 metros. As súas follas teñen uns nervios moi marcados e os seus froitos son moi característicos, primeiro son vermellos e logo o final son negros; sanguíño.

seara: propiedade comunal dos vecíños dunha parroquia, que non se pode dividir, onde se sementa centeo ou trigo.

surpar: sorber.

tara: rocheira, penedía.

tein: forma verbal nasalizada de teñen; son moi frecuentes na lingua de Uxío: *estoun* (por *estou*), *bein* (*bei*), *vein* (*veñen*), etc.

telúrico (do lat. *Tellus, Telluris*, a Terra): relativo á Terra como planeta.

torbón: trebón, golpe forte de chuvia, tormenta de auga.

ucedo: extensión de uces na montaña. As raíces más gordas das uces, chamadas *carnochas*, usábanse para facer carbón vexetal e o resto da uz para facer lume. As puntas más finas da uz (chamadas *chamas*, *charavelas* ou *gameitas*) serven para acender o lume. SIN. uceira

versiós (dialectalismo): versións.

vrao (dialectalismo): verán.

xabreiro -a (de xabre ‘terra areúda ou con barro, sábreiro’): frío, xeado; dise do terreo frío e pouco solleiro.

xancer: cortar dun golpe seco.

xebrar: separar.

xisto: rocha sedimentaria, de cor negra, que se separa facilmente en follas ou lousas.

» ALEJANDRO ROURA BLANCO

CEO E CIDADE

A Coruña, como as guitarras
e as nubes, é un corpo de muller
que xoga co ceo sobre a cama
durante as tardes de tormenta.
Entón o amor comeza
de verdade cun lóstrego
de brillo fotográfico
cando as alturas memorizan
o rostro poboadío da miña cidade durmida.

Tosen os tronos, e a pel desa muller
de cristal e mar é percorrida
por cada raio que debuxa veas de prata
na xeografía da miña cidade espida.

E hai poesía ata nas calzadas
descalzas con esas liñas descontinuas
que evocan cremalleiras.
O ceo revolve os cabelos de follas
e o vento é unha voz baleira, só alento,
que bica sen tocar as avenidas,
e as beirarrúas retórcense como un lombo
cando a acaricia unha man fría.

CIDADES NOVAS

Para P. M.

Saes á rúa.
De tan vermello, o ceo
parece estar ladrillado,
e camiñas para percorrente
coa realidade a desmán,
e non soñas demasiado
porque nunca é suficiente,
e áinda que non teñas medo
gardas motivos para ser valente.

Fíxate, chove como se rebordase
o mar e naceu un charco
nos teus zapatos, e cobres a cabeza,
que é o teito falso da imaxinación.

Pensas que a túa insistencia en renacer
quizais sexa instinto de recaídas,
e pensas, tamén, que existen
finais de neve no peto,
de mans molladas e que nelas
non haxa nada nin nada se perdese.

Dáslle a volta aos ollos
e coas luces baixas veste mellor,

e comprendes que hai días calquera
que por iso son únicos.

A única rutina do novo día é o amencer.

Por iso, para estar cerca de ti
no tés que ir tan lonxe.

Xa o sei, hai coches e edificios
e realidade cravada nos diarios,
pero hai tamén rúas que esconden
cidades novas trala gasolineira,
onde os días perden as follas
pero o tempo espera.

Onde dobra o vento,
escóndete para encontrarte
e mira cómo dá voltas o ceo.
Se escutas, unha música de silencio
nace para sentir o pulso do peito.

Levas media vida
procurando o paraíso, é certo.
Agora que abriches os ollos
tés media vida para percorrelo.

AUTOAXUDA

Le este poema para ter compañía
cando notes cómo o teito cede
e queiras descoñecer a realidade tan certeira.
Cando naufragues dentro de ti mesma
e só atopes illas desertas á deriva.

Cando busques polo espello as túas miradas
perdidas e sexas vulnerable onde fuches
forte, e fagas un par de tratos coa sorte.

Cando saibas que o futuro
son portas pechadas e un camiño
de pedras, e só o barro coñeza
os teus pasos e se acumulen
follas engurradas na papeleira.

Entón, se non che cabe o vento,
move as túas velas, e se o ceo
se resiste cambia o sentido
da xanela das túas escaleiras.

Leva este poema na carteira
para cando oias randeeiras
con voz de gato e soen árbores
e sirenas, e teñas en contra
o semáforo e leves baixa a cabeza.
Se che pesan os ollos e non podes
mirar á fronte, se se resente o pasado,
íspete desas olleiras e do teu perigo
de extinción. Xa coñeces a dor
de puños pechos e a pena
coma a palma da túa man.

Le este poema pola rúa
cando che falte o alento e se desaten
furacáns e non te comprendas.
Terás a miña voz contigo.
Para ti é un grito en silencio,
unha luz sacada da néboa,
pasos adiante dende o medo.

Cando o comprendas,
será que o necesitas.

POEMA PARA MARTA

Marta, que nunca nada che roube os soños, e se algo che impide durmir que sexa algunha noite de xaneiro ou unha moeda baixo a almofada. Desaprende o que limite o teu voo, e desexa ser maior, pero nunca o consigas.

Equivócate para aprender sen perder a ilusión, a mesma que dan a luz os teus ollos cando abres un regalo ou cae a neve.

Nin sequera cando un vermello lume arda baixo o teu ventre coma un mes lunar, perdas o respecto aos semáforos;

tampouco retires a man ao cruzar a rúa, e esquece a memoria para sorprenderte sempre, e garda algunha pregunta para facerlle a nosa madre, e non cometas os meus erros.

Non che acostumes ao cariño ou non crerás nos milagres.

Creme, a realidade non é o que buscas.

Marta, que saibas do odio só de oídas, e xoga e chora que aínda tes tempo para poder perdelo, e medra, pero xamais cumpras anos.

A VOZ DE LEONARD COHEN

A voz de Leonard Cohen é unha arpa grave de cordas raídas que arrola palabras e tece acordes. O futuro en branco e negro e historias de hoteis e altares, de mulleres que se achegan á ventá e desaparecen coa madrugada, mentres un home dende a cama debuxa o seu ronsel de cancións.

A voz de Leonard Cohen é unha estrada feita de remendos de asfalto, unha agulla lendo nun tocadiscos que non hai cura para o amor.

A voz de Leonard Cohen é un pazo de fume, unha gorxa que cobre os oídos e as feridas, unha estación de tren e un mar vello e pausado que aínda fala nas buguinas, acariciando a alma dende dentro.

MAR GALEGO

Foxen os ventos,
a brétema morre.
Vese soamente
unha inmensa Torre.

Sae o sol do novo día
alumeando as augas das nosas costas.
As praias escintilan e nos cantís
as augas chocan.

Décheslles a moitos o paramento
e devolvéroncho con sombras negras.
Quitáronche a luz e baixo o vento
nada vivía.

Con más noites que a lúa
amparaches as nosas soidades,
velaches polas nosas vidas,
mar galego sempre en liberdade.

POLAS RÚAS

Polas rúas vagas, destrozado.
Unha áнима en pena, un ser infernal,
que fuches a lugares desolados
que nunca ninguén ousou pisar,
buscando amparo ou vida, non máis.

Ídolo de mala sorte inerme,
ti que desbotaches a túa existencia,
ti que rompiches a túa admirable mente
facéndote odiar pola túa aparencia,
escura, lóbrega, triste e tétrica.

Arrastrándose sobre as túas pernas,
perdendo a túa fusca e adusta vida.
que non viu cores, que non viu nada
que non fora angustia, dor ou ira.

Ídolo de mala sorte odiado
por nós, os do outro lado.
gato negro desamparado.
queres gritar con toda a túa dor:
só quero ser amado...

PERSONALIDADE

Non quere ser tan só unha máis entre a xente,
quere ser ela mesma, única, soñadora.
É coma unha flor entre a maleza, caprichosa.
Por que ser unha máis, cando quere ser diferente?

Non entende á xente que só mira para ela,
e sempre quere axudar, nos beizos un sorriso.
Ten nos ollos o resplandor de quen, imaxino,
soña cun mundo mellor agochado nalgúnha estrela.

Quere non cambiar nunca, manterse como é,
quere ser ela quen decida na súa vida,
se alguén quere que caia, ela segue de pé.

Nunca xamais se dará por vencida.
Non tapará os ollos, cando teña que ver.
Cando haxa que decidir, será ela quen decida.

O soño

•• ANTÍA FIGUEROA ROMERO



Marta ergueuse da cama. Buscou o reloxo. Marcaba as seis e media da mañá. Comprobou o reloxo de pulso, eran as dez e cinco. O reloxo da me siña nunca fallaba. Marta golpeouno estrañada.

Marta timbrou na casa de Isabel como facía sempre desde había seis anos. Eran as doce en punto. Se unha virtude tiña Marta, esa era a puntualidade.

Nunha aldea tan pequena como aquela na que vivían as rapazas pouco se podía facer más que dar voltas polo descampado ou dar un longo paseo pola beira do mar. Pero aquel venres era moi diferente dos anteriores e dos que virían no futuro, ao que tanto temían, pois Isabel marchaba da aldea á cidade.

—Ola —dixo Isabel cun sorriso—. Case non puiden saír, meus pais están dos nervios e eu aínda non recollín as últimas cousas que me quedan.

Marta quedou calada. Non concibía como sería o futuro sen Isa na aldea, que estaba xa tan baleira e falta de vida.

—Teño unha idea para levantarche os ánimos.

—Conta —a Marta iluminóuselle a mirada.

—Imos á casa de abaix.

—A abandonada? Estás tola ou que?

—Veña, muller, por favor —Isabel sorriu mostrando os seus dentes brancos e perfectos.

—Veña. Imos —accedeu Marta. Sabía que a Isabel non se lle podía facer entrar en razón.

As rapazas correron cara á casa abandonada coa aventura metida no corpo.

Primeiro entrou Isabel. Marta seguiuna un pouco máis atrás atrapada polo medo.

Todo estaba escuro, non se vía absolutamente nada. De súpito, Marta deixou de escoitar os pasos de Isabel por diante súa.

—Isa? —dixo Marta cunha voceciña que foi subindo de ton ata converterse nun grito—. Estás aí?

Ao ver que non contestaba, comezou a berrar más forte.

—Isabel? Isa! Contesta, por favor! —Marta tiña moito medo—. Por favor... —As bágoas comezaban a ameazar con saír. Marta fuxiu correndo, mais cando foi abrir a porta estaba atrancada, impedíndolle a saída.

Marta deu golpes na porta, berrou, dou patadas pero estaba atascada e non encontrou outra saída.

Onde estaba Isabel? Quen a encerrara ali?

De súpito, unha sombra ameazante acercouse a ela. Marta pensou que soñaba, pero era realidade. Estaba alí realmente e Isabel desaparecería.

A sombra acercouse máis, pero antes de que puidese saber quen era caeu inconsciente ao chan.

Cando espertou estaba deitada na súa cama. Buscou o reloxo. Marcaba as seis e media da mañá. Con moito medo comprobou o seu reloxo. Eran as dez e cinco.



John William Waterhouse, "Ulises e as sereas" (1891)

Escamas douradas

» YAIZA FIGUEROA ROMERO

Existían moitas lendas e contos acerca da Illa da Gran Marea. Algunhas afirmaban que nela habitaba unha fermosa serea cunha fermosa cola de escamas douradas e fermosa voz. Estas lendas contaban que aquel que se aproximaba á illa, ben a pescar ou tan só para observar as súas augas cristalinas e brillantes, quedaba engaiolado cos seus encantos.

Moitos foron os valentes e curiosos que ousaron navegar por esas augas, ben é certo que non se volveu saber deles. A última persoa que decidiu emprender a viaxe ata a illa foi un xove aposto, Oriol, decidido a demostrar que aí non había ningunha serea.

Unha calorosa tarde de xullo, Oriol despediuse da súa familia e emprendeu a viaxe na barca do seu pai. Como mostra de que non mentía e estaba disposto a chegar ata a Illa da Gran Marea, fá traer canda el unha cuncha e un pouco de area da illa. Todo o mundo estaba preocupado sobre o incerto destino de Oriol.

Cando xa pasaran catro días dende a súa partida, os pais de Oriol recibiron un paquete na casa. Contiña unha caixiña de area, unha cuncha e unhas poucas escamas douradas. Oriol nunca máis apareceu.

O segredo

• ROMÁN VELLO POMBO

Na loita entre o mundo e ti, ponte de parte do mundo.
FRANZ KAFKA



Edvard Munch, "O grito" (1893)

Saíu F. a paso acelerado e ebrio da taberna. Unha suor fría perlaba aúa fronte e notaba como se unha man cunha luva de aceiro estrangulase a boca do seu estómago. Aqueles ollos! A mirada do señor embutido no seu abrigo de la na escura esquina daquel maldito antro! Advertírao, aquel home comprendera o segredo no que se remexía F.! Se non, por que había de mandarlle unha mirada envenenada que dicía no máis absoluto dos silencios "si, sei o que escondes e vou facer que todos o saibam"?

Estaba perdido.

Avanzou a paso rápido e facendo eses entre as estreitas e frías rúas da cidade, asustado, co rabo entre as pernas e coa cabeza agachada, xa que en cada esquina e baixo a capucha de calquera persoa encontraba un novo inimigo sabedor do único que ninguén debía coñecer.

¡Non, non!, dicíase. Por que eses xestos, por que esas caras? Como regueiro de

pólvora debeu correr a noticia na boca daquel infame home da taberna. Todos, todos deben de saberlo xa! Non coñecen os detalles, iso é imposible que o saiban, pero si que coñecen o máis esencial de todo isto. Preguntaranme, sen dúbida, intentarán tirarme da lingua ata o máis mínimo feito sobre o sucedido; e se eu non o contesto, outro o fará por min; máis ben, outro mentirá por min. E esa mentira chegará a oídos de todos, e entón... entón pasará outra vez o que nunca, nunca tivo que pasar. Pero eu non abríu a boca. Deus sabe que non o fixen! E ben? Será certo que os ollos din o que a lingua non pode? Claro que si! Ata o máis estúpido desta cidade podería adiviñar o meu segredo só con mirarme, con verme ben durante apenas un segundo. Durante anos, si, anos!, buscarán infatigables a verdade do sucedido, quererán que lles explique con pelos e sináis cada mínimo suceso. Pero non podo, non! Ai, as persoas, non poderían ser máis discretas e menos curiosas, más silenciosas, como a auga do río que flúe baixo esta ponte? Acaso eles non esconden aúa verdadeira cara? Acaso eles non teñen un segredo do que se arrepentir? Entón, por qué buscan desvelar o meu, por qué non se contentan con verme pasar e gardarse para eles mesmos aúa opinión sobre o que fixen, no canto de berrala aos catro ventos e facerme vivir no martirio do seu recordo? Non, non podo aturar imaxinar aquilo cada vez que a mirada dun calquera se cruce coa miña. Prefiro morrer berrando que vivir calando.

E así F. saltou desde a ponte berrándolle ao mundo o seu derradeiro pecado e aguardando que a morte soubese perdoar o que os vivos non esquecían.

Resistencia

• LAURA CORTÓN COBAS



As apariencias enganan. Sempre. Dan pistas, pero ningunha fiable. Por iso non debemos crer nelas. Nunca. Xa non hai quien transmita eses saberes tradicionais –supersticións para a mayoría-. Con só escavar un pouco, descobres que a maioría da xente que vai de dura é a máis débil e manexable. Pensar que ocultar os sentimentos fai a un máis forte é a maior das debilidades. Pero hai xente que non o entende. Outros, pola contra, irradián amabilidade e boa vontade, pero agochan un espírito retorcido, frío e calculador. Estes son os máis perigosos, porque nunca te das conta ata que o dano está feito. Isto é o que está a pasar aquí, e o peor de todo é que ninguén se decata.

A xente de hoxe en día é demasiado confiada, e xa non escoita aos seus vellos. Pensan que o saben todo, que sempre levan razón. Por iso non escoitan aos demais. Semella que son a única do lugar que percibo as verdadeiras intencións dese señor amable que abraia a xente coas súas verbas. O que quere é destruílo todo. Parece mentira; comenzaron por construir casas illadas que desentoaban coas fermosas casas de pedra construídas no lugar. Logo comenzaron a considerar isto un lugar de vacacións, rompendo coa —xa de por si feble— unión existente entre os veciños. E agora aparece este señor que quere rematar con todo, incluíndo o noso frondoso bosque. Non se dan conta de todo o que lle deben. Grazas á súa madeira sobrevivían os nosos antergos no inverno e nel escondíanse os fuxitivos durante a Guerra Civil. Baixo a sombra das súas árbores reuníanse os

namorados e a el acudía quen precisara tranquilidade. Tamén xerara postos de traballo, coa industria madeireira (pero sempre repoboando a parte tronzada), e agora querían aniquilalo. Estaban tollos. Todos. Lembráballe a situación da nosa lingua, que fora quedando sen folgos baixo o xugo do castelán, que estaba mellor visto socialmente. Agora loitaba encarecidamente por saír adiante. Agora a xente decatábase de que estiveran a piques de perder a súa lingua, e querían recuperala. Agora arrepentíanse. A outros dáballes igual.

Hai demasiados prexuízos hoxe pese á liberdade que existe. A isto nos leva o progreso. Agora as tradicións perdense xa que os fillos están demasiado ocupados e nin mesmo os pais as lembran xa. En canto desaparezamos, xa non quedará quen defenda o vello, o antigo, o noso. Só algúns mozos concienciados o entenden, pero pode que non os suficientes.

Para os meus fillos son unha carga. Para os meus netos, unha avoa. Pero nada más. Ninguén pensa que aínda poida razoar ou ter opinión sobre algo. Principalmente porque non me escoitan. Ninguén me ten en conta. Só a miña neta ás veces, pero non me toma en serio. Aínda así, é moito máis do que fan os demais e agradézollo moito aínda que non llo saiba demostrar debidamente. Debe de ser que levo tanto tempo sendo un móble para os demais que comecei a selo. E eu sei que no fondo me queren, pero hai que escavar demasiado, porque nin eles mesmos se decatan. E empezo a estar cansa. Para o resto do mundo só son unha vella máis sentada no seu tallo, ollando cara ao horizonte, esperando a morte que se achega paseño. Pero non é así. O único motivo de que pase tanto tempo observándoo todo é que quero gravalo a lume na miña memoria para que cando mire ao meu redor, o lugar onde nacín, medrei e hei morrer, e xa non o reconeza, poda disfrutalo co recordo. Din que non é bo vivir de lembranzas, pero é o que nos queda aos vellos.

Tamén hai outra saída, porque a verdade é que estou farta de vivir na apatía, de dalo todo por perdido. Quero loitar. Aínda que xa sexa tarde para miñ. Aínda que non consiga nada. Cando era moza non me tiñan en conta por ser muller, e agora por ser unha vella murcha. Nos dous casos non fixeron máis que subestimarme. E equivócanse. E vóullelo demostrar. Vou loitar con todas as miñas forzas, que xa non son moitas, contra ese progreso que destrúa más do que crea. Logo falan do cambio climático. Vou loitar ata o derradeiro suspiro contra ese señor e contra todo o que representa. Vou resistir, vou opoñer resistencia. E aínda que non consiga nada, morrerei feliz sabendo que fixen todo o que podía.

Ela sempre fora unha persoa pacífica, razón pola que fora deixando que a súa familia a convertera en moble: non quería discusións. Pero tamén era túzara, desas que unha vez tomada unha decisión non se botan atrás. Era hora de que escoi-

tasen e aceptasen as súas decisións, polo menos na súa casa.

Carlota viu abraida dende o corredor como a súa avoa, por primeira vez en moitos anos, se erguía da súa cadeira moito antes do xantar. Levaba un brillo de determinación na mirada e os seus pasos eran firmes, aínda que seguía andando un pouco dobregada. Pareceulle outra. Despois de moito tempo, a súa avoa deixara de ser un moble. Decatouse por vez primeira de que, así como a súa avoa non entendía o seu mundo —novas tecnoloxías, amigos, exames, rapaces...—, ela tampouco sabía nada do dela. Éralle como unha estraña. Nunca se parara a pensar que tivera un pasado, unha vida distinta. Nunca lle preguntara, nunca se preocupara por sabelo. Agora gustaríalle telo feito. Quizais xa era un pouco tarde. Ou quizais nunca é tarde para nada, se un quere.

O peixe

• CRISTINA INCIO DEL RÍO



Había unha vez un peixe de cores. Sempre nadaba cos seus compañeiros, todos totalmente grises, polo que saltaba á vista que era diferente aos demás. O peixe estaba sempre triste, pensaba que era un incomprendido, e si que o era. Os outros peixes eran os seus amigos, pero non entendían os seus pensamentos, pois tamén era distinto por dentro. Intentaba pasar desapercebido e falaba cos peixes grises de cousas que non lle interesaban en absoluto. Pero era mellor que non falar.

Como saberedes, os peixes son en xeral aburridos e un pouco parvos. Non hai máis que velos. Sobre todo se son grises. Por iso o

peixe de cores sentíase como nunha gaiola, pois estaba condenado a vivir rodeado deles. Pasaba as noites pensando como sería a súa vida se fose gris, ou como sería se todos os demás fosen de cores. Pensaba que era o único peixe de cores de todo o océano. Cando pensaba niso, choraba. Pero moi baixiño, para que ninguén o oíse.

Un día decidiu rematar coa súa vida. Non vos preocupedes, non no sentido literal, pero si que rematou coa vida que levaba. Pintouse de gris. Os seus compañeiros puxéreronse moi contentos, pois aínda que o querían igual, preferían que fose o que eles chamaban normal. Pouco a pouco, o peixe de cores fíxose gris tamén por dentro. Xa non era o peixe de cores, era un peixe gris. Esqueceu o seu pasado, simplemente era un peixe calquera. Foi feliz por primeira vez na súa vida.

O que nunca soubo foi que no océano hai algúns peixes de cores.

Menos mal que chove

» CLAUDIA GONZÁLEZ CAPARRÓS

Chove, volven a chuvia e as súas pistolas. Chove, e móllanse o pelo e os cristais. Vén a chuvia collida da man dos teus ollos, do teu nome. Menos mal que chove, e límpanse as olladas.

Menos mal que chove.

Necesitaba un nome ao que agarrarse, unha salvación. Necesitaba unhas mans que o suxeitasen ao mundo. Levaba nos seus xestos a tristeza do espello maltratado, o medo a ter que volver algúun día.

Poucas veces utilizaba as súas palabras. Condenábaas en fotografías, páxinas amarillentas, marxes. En noites de insomnio e lume. Inmovilizábaa a forza de silencio, de papeis e praias engurradas, de coidar o vento en cada instante.

E as noites simplemente se deixaban caer. E os días simplemente se deixaban morrer.

Qué máis queda cando se marchou todo e a casa está baleira, e el mesmo está baleiro. Basta cunha canción apropiada, basta cun poema para facer que chores e comprendas de pronto.

Entende que é suficiente con aprender a odiar, con silenciar os berros, con non saber chorar bágoas da cor da ira.

E se hai que escoller entre esperar e lembrar, el escolle o olvido menos doloroso, escolle desaparecer e durmir.

Todo ao redor está seco, as cancións que chegan en tan mal momento, as páxinas arrincadas, as estrelas que no fondo non exis-



ten. Os desertos do frío, o xeo, os tranvías. Desaparecer ben calado, que non se lle ocorría abrir a boca, os dentes escondidos, o seu padal garda un secreto, un terremoto.

Sequedad, e despox todo feito trizas.

Pero os cristais rebentan e as túas mans encóllense, e tirado na rúa encontras un nome de repente.

Ao mellor existe o ceo, aínda que estea distante. Oxalá que peche os ollos.

Quizais apareza un sorriso cando dobrés as esquinas da cidade de papel, un sorriso que traia cancións con sabor a sur.

Pode que se recuperen as páxinas, e mentres tanto volveu a chuvia.

Porque chove.

Menos mal que chove.

A concepción da arte

» ALEJANDRO ARBAÍZAR MAZÁS

Camiñaba só, deixando pasar o tempo, cando me decelei de que estaba sufrindo. Era de noite e como todas as primeiras noites do verán, ía calor. Comecei abandonando a miña casa e entregándome á escuridade da noite e, más tarde, a rúas cegas. Non sabía o meu rumbo e deixei que as miñas pisadas fixesen camiño, levaron ao bordo do abismo.

Sentei a observar o paso do tempo en forma de ondas do mar que morren ao tocar

a terra e despoxos de océano que se afogan na area. Acendía un pito, despois outro. Sentín un estremecemento polo corpo, era miña nai e as súas bágoas...

Por amor, compaixón ou odio seguí o rastro das miñas pegadas na escuridade. Camiñaba só cando me dei conta de que estaba sufrindo, e cando limpei os meus pés recollín pétalos de rosas.

Un conto só para mulleres (que os homes poden ler tamén)

A Mari Carmen Romero, boa amiga e mellor persoa, con todo o cariño da súa amiga



Érase unha vez unha muller, feliz ás veces, ocupada sempre, que de súpito escoitou con sorpresa como o seu corpo lle falou:

—Prepárate, muller, a partir de agora xa non podes contar conmigo. Vou ser o teu inimigo.

—Pero, que che fixen? —xemeu ela—. Sempre coidei de ti, non che prestei ás veces bastante atención... Admítoo...

—É inútil que te queixes. As cousas mudaron. Se un día notas que as túas pernas te magoan, que o teu lombo non se dobra, que os teus brazos non suxeitan coma denantes, non te revolvás; serei eu.

A muller sentiu un estoupiido de violencia dentro de si:

—Pero me teño a mi. Teño a miña mente, é miña!

» MARÍA JOSÉ MARTÍNEZ GIRÓN

—Fallará tamén, chegou o momento da rebelión. Nada te pertence, todo mudou.

O resto do día pasouno xemendo e chorando nun recuncho. Notábase estraña e estaba a comprobar que o dito polo seu corpo era certo. Chegou a noite e a súa anguria ía en aumento.

—Non me queda nada por facer excepto morrer. É o único que pode resolver esta horrible situación.

Dito isto, apoiouse na parede para erguerse, cando os seus dedos tocaron algo: era un casulo de bolboreta doce como a seda pero de aspecto noxento. O que había no seu interior movíase e a muller asistiu conmovida ao nacemento do novo ser que voou un pouco e pousou na súa man.

Agora comprendía que evolución era vida, era mudanza, era dor. Ergueuse e dixo ao seu corpo:

—Eu tamén mudei, a partir de agora hasme escoitar queixarme, chorarei máis, pode que me sinta máis infeliz pero ao final serei unha bolboreta. Prométocho.

Paseo polos ríos: poldras, caldeiras e pontes

» ANTÓN FONDO RODRÍGUEZ

Hoxe imos trazar unha viaxe real e que nos leve máis alá do imaxinario, no marco da nosa xeografía, esta terra dos mil ríos e das dez mil fontes. Hai grande diversidade de accidentes xeográficos no leito das nosas arterias fluviais, como fervenzas, cadoiros, pozos, caldeiras, saltos, encoros e insuas; e tamén podemos atopar construcións de feitura humana como pontes, poldras, presas, muíños, batáns, canles, pesqueiras e naseiros. Convidámosvos a un paseo sen equipaxe, sen vos mover da cadeira, sen programa nin organizador, só para pasar unha xornada diferente. Pasemos pois.



As poldras son un pasadizo de pedras que permite vadear un río. Outros sistemas de atravesar un río son os pasais, os peares e as pontellas

Aprimeira parada lévanos a falar das poldras, esos pasos construídos nos nosos ríos para salvar o seu curso e atravesalos a pé enxoito, sen que o río perda a súa personalidade. Xa existían no medievo e perviven áinda hoxe para ben da nosa fráxil memoria. En Oseira (Ourense), na imponente abadía cisterciense, discorreron da man dos amanuenses e mesmo da de Graham Green ríos e ríos de tinta. Por aquí transcorre o río Ursaria, así chamado nas fontes medievais, e as poldras dan acceso ao palco da música e ao campo da festa, evocando os cimentos das medievais pontes de madeira cos seus tallamares. Parécennos conducir entre o ceo e a terra, facéndonos sentir conciencia da fraxilidade humana, estado (sólido) entre o líquido e o gasoso, e levándonos da man pola acústica do río ou pola banda de música.




O fermoso paseo da Ponte das Poldras

Non lonxe, no lugar de Leiro, xa en terras do Ribeiro, quilómetros abaixo de onde o Arenteiro dá as súas augas ao Avia, sitúase a Ponte das Poldras, hoxe área recreativa capaz de evocar o divino e o humano, adobada pola proximidade deses caldos celestiais con denominación de orixe e arrecendo de adega. Das poldras só quedan as bases, e enriba grandes laxes de granito sobre piarezas que deixan discorrer a frescura do Avia. Decatámonos do sabia que é a nai natureza, capaz de deleitar e criar unha bucólica atmosfera e regalía de sensacións

gustativas, froito das súas veigas.

Cambiando de provincia, na Ponte Ledesma, histórica ponte sobre o río Ulla que deslinda e une os territorios das parroquias de Gres (Vila de Cruces, Pontevedra) e Ponte Ledesma (Boqueixón, A Coruña), atópanse illas do San Ramón, con ermida e campo de romaría. O conxunto de illas son catro: San Ramón, Palletas, Pachín e a Ínsua. Aquí somos quen de escenificar “O rebusque”, capítulo de *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas, onde o pobre Balbino non pudo asistir á festa por estar de loito e, unha vez rematada, foi ao campo da romaría atopando unha caixiña de pau moi feituca, para o seu gozo. Para o noso, estas illas e as súas poldras son pasos cara á terra firme, non abandonando o río a condición de fiel compañoiro de viaxe, marcando e recordando a nosa realidade sólida, que non prescinde da líquida nin da gasosa, mais si somos quen de evocar deseños nobres e soños por acadar. O río segue o seu percorrido paralelo ao das nosas vidas. Non sabemos cal será a próxima parada. Tampouco sabemos se a etapa será longa ou curta, pero agardamos con ansia contida novas e reconfortantes sensacións para seguir a nosa folla de ruta cara ao lusco e fusco das nosas vidas.



Asegunda expresión que tratamos son as caldeiras: cando o curso do río salva un considerable desnivel martelando no leito rochoso, recrea a imaxe dun queixo Gruyere con buratos amplos e profundos. Falamos das Caldeiras do río Castro, en Coucieiro, concello de Muxía. O borboriño lévanos cal viaxeiro a nos mergullar e, de seguido, a sobrevoar con

novos folgos, namentres gozamos desa mestura de elementos, terra, auga e aire, sen importar cal deles domina, rematando por prevalecer a tranquilidade do espírito, cal temporal amainado do Nordés ou da Travesía na veciña Punta da Barca, coa Pedra de Abalar, expectante, e coas ergueitas e perennes testemuñas da Boutra ou do Vilán nesta Costa da Morte que é costa de vida.



III


As pontes elévannos do leito das mil veas que Galicia ten, como se fosemos quen de outear o sólido nunha panorámica aérea. Son construcións servizais e simbólicas ao longo da nosa xeografía, co fin de xunguir o que a natureza afasta, e para o diálogo, con feixes de recordos gravados nas súas pedras polos carros de madeira, son cansino do cotián.

A ponte pode ser de prata, para o inimigo que foxe. Que importancia teñen o saber popular e a tradición! Sempre ha de prevalecer o diálogo sobre a disputa e o preito, como as propias augas do río nos deixan entrever despois de salvar os piares, as dificultades que atopamos ao longo da nosa existencia.

Destacamos a Ponte Maceira, no curso do Tamara, que se funde coa nai atlántica entre as medievais Noia e Muros. Dá fe da nobreza das súas ribeiras, disfrazada de pazos e capelas, acompañada polo balbordo dos muíños e polo discorrer das augas, dos amorios que lenteцен perante a muiñada. Tamén a mal aliñada Ponte Nafonso, que fai balance de todas as revoltas, rápidos, presas, centrais e muíños deste maxistral Tambre, dende a Cova da Serpe, como se se tratase do noso percorrido vital aderezado por miles de

avatares, sempre coa compañía da finitude, esencia e grandeza do humano.


Non moi lonxe, no Xallas, está a ponte de Brandomil, paso notorio da *Per loca maritima*, camiño do ceo no Pindo, cal Olimpo celta, e deixándose querer polo mar dos Sargazos na fervenza do Ézaro, cascada de líquidos nun ascender de espumas burbullantes, que só caben na miña imaxinación e na realidade os días festivos pola mañá. Avanzando cara ao solpor da fragua de Vulcano, que o xenial Velázquez puxo da man do Ara Solis no promontorio Nerio, coa axuda espiritual de santa María das Areas, do san Guillerme e do Cristo da barba dourada, muxicas escintilantes dos nosos recordos no atardecer do fin da terra. Non é o fin, poida que sexa o principio do infinito.



Caldeiras do río Castro

Viaxar a Grecia

"Sen Maratón non seríamos os mesmos. Maratón é como un santuario ao que, polo menos unha vez na vida, debe acudir toda persoa libre para render homenaxe aos que alí caeron hai vintecinco séculos. A capital da Unión Europea tería que estar en Maratón" (JAVIER REVERTE, *Corazón de Ulises*).



Pórtico das Cariátides, Erecteión. Acrópole de Atenas

As cores da pedra

» CLAUDIA GONZÁLEZ CAPARRÓS| Acompañado polos profesores Emilio Facal Cancela, Mercedes González Rivera e Carmela López Taboada, o alumnado de bacharelato viaxou en marzo a Grecia. Oír os sons do aeroporto xa é voar, a promesa da viaxe que xa se ve nas caras da xente que sobe ao avión. Aterrizar en Atenas é aterrizar no caos, cidade triste, rápida, desesperada, chea de cousas que ensinar e gritando de medo ao ensinalas. Leva o seu ceo enreixado para que pasen os tranvías, e o seu corazón de pedra, o Partenón, cuberto de andamios mira desde o alto o tempo que lle pasou porriba.

Xa lonxe de Atenas, hai lugares onde o silencio é arte. O teatro de Epidauro é unha lúa chea posta a secar sobre a montaña, gardando todos os sons. Alí é imposible murmurar sen ser escuchado polos deuses, e alí naceron o teatro e a poesía.

A primavera sorpréndenos en Olimpia renacendo flores e oliveiras entre as pedras. En Delfos

reina o calor, o respecto ao oráculo e á auga sagrada que baixa das montañas.

A cor de Grecia rompe nas súas illas e estala contra as rocas. Derraman sobre o mar puro ceo, casas brancas e miradas azuis, fondos amarelos onde escribir un soño, e portas reladas que serven para entrar a algúns pasados.

Onde os berces son de pedra

» ALEJANDRO ROURA BLANCO| Existen lugares que todos deberíamos visitar algunha vez na vida. Grecia, o país do ceo e o mar na bandeira, é un exemplo claro diso. Por Atenas camiñan da man a decadencia e a gloria de tempos pasados, as ruínas do futuro e berces que son de pedra.

O ruído do día descansa tamén coa noite, aínda que de cando en vez crucen a cidade sirenas, e entón un, como ese soldado desconocido que tamén recalca en Atenas, recorda a Ulises e aférrase ao seu propio interior para non caer ante a confusión que parece reinar na cidade. "O home é un animal cunha maneira moi artificiosa de non avanzar", parece o pensamento primeiro que debería xurdir ao escutar as historias sobre as guerras que foron destruíndo grandes marabillas de tempos anteriores, deixando lugar só para uns poucos escollidos.

Visitar o país helénico esperta un sentimento de responsabilidade, como se fose un privilexio ser testemuña do pasado que foi debuxando os nosos días. Gústame a Grecia branca e azul, a da Acrópole e a do Partenón; a Grecia sobre a que o mundo é un teatro e aquela na que podes atopar varios mundos nunha mesma beirarrúa. Olimpia, Micenas, Delfos ou as illas Hidra e Poros teñen forma de esperanza de natureza, esa natureza coa que convive o home, do mesmo xeito que se bican mar e terra, sen vencedores nin vencidos.

Grecia quedará gravada no meu recordo como a terra nai das demás terras, un cadro de caos e beleza, de cidades e antigüidade, onde as montañas teñen forma de home durmindo e os berces son de pedra.

Tradución. Primeiras páxinas



◀ Albert Camus.

◀ Herman Melville.

Invitamos nesta sección á lectura de grandes novelas, identificables xa desde a primeira páxina e mesmo desde o primeiro parágrafo. Albert Camus (Alxeria, 1913-1960) recibiu o Premio Nobel de Literatura en 1957. Herman Melville (Nova York, 1819-1891), con *Moby Dick* (1851), novela enciclopédica mariña, contribuíu a asentar as bases da épica contemporánea. Estas obras pódense ler por calquera páxina, deixando en nós o desexo de completar a lectura.

O estranxeiro. Capítulo I

Tradución: María José Martínez Girón

Hoxe morreu mamá. Ou quizais onte, non o sei. Recibín un telegrama do asilo: "Nai falecida. Enterro mañá. Condolencias". Isto non quere dicir nada. Foi quizais onte.

O asilo de vellos está en Marengo a oínta quilómetros de Alxer, podería estar sen durmir e chegaría mañá á noite. Pedín dous días de permiso ao meu patrón e non podía negarse ante semellante desculpa. Mais non semellaba contento. Díxenlle incluso: "Non é culpa miña". Non respondeu. Pensei entón que non tiña que ter dito aquilo. En resumo, non tiña que me desculpar. Tiña el, máis ben, que darmo o seu pésame. Pero farao sen dúbida pasado mañá, cando me vexa de loito. Polo de agora é un pouco como se mamá non estivese morta. Despois do enterro, pola contra, será un caso pechado e todo terá un aire máis oficial.

Collín o autobús ás dúas. Ía moita calor. Comín no restaurante de Celeste, como sempre. Todos tiñan pena por min e Celeste dixo: "Só temos unha nai". Cando marchei acompañaronme á porta. Estaba un pouco atordado porque tiven que subir onde Manuel para pedirlle unha gravata negra e un brazal. El perdera o seu tío hábia uns meses.

Corréi para non chegar tarde á saída. Esta présa, esta carreira; foi por todo isto, sen dúbida, engadido ao aterecer, ao olor da gasolina, á reverberación da estrada e do ceo, polo que quedei trasposto. Durmín durante case todo o traxecto e cando espertei, estaba encollido contra un militar que sorriu e me preguntou se viña de lonxe. Eu dixen "si" para non ter que falar máis. O asilo está a dous quilómetros da vila. Fixen o camiño a pé. Quixen ver a mamá de seguido. Pero o

porteiro dixo que tiña que ver ao director. Como estaba ocupado, agardei un pouco. Durante todo este tempo, o porteiro falou e logo vin o director: recibiume no seu despacho. Era un velliño coa Lexión de honra. Mirou para min cos seus ollos claros. Logo estreitou a miña man, que mantivo tanto tempo que eu non sabía moi ben como retirala. Consultou un expediente e dixo: "A señora Meursault entrou aquí hai tres anos. Vostede era o seu único apoio". Crin que me reprochaba algo e comecei a darlle explicacións. Pero me interrompeu: "Non ten vostede de que se xustificar, filliño. Lin o expediente da súa nai. Vostede non podía mantela. Precisaba que alguén mirara por ela. O soldo de vostede é modesto. E resu-

mindo, ela era máis feliz aquí". Dixen: "Si, señor director". El engadiu: "Vostede sabe, ela tiña amigos, persoas da súa idade. Podía compartir con eles intereses que son doutros tempos. Vostede é novo e ela debía aburrirse con vostede". Era certo. Cando estaba na casa, mamá pasaba o tempo seguíndome cos ollos en silencio. Nos primeiros días no asilo, choraba case sempre. Pero era polo costume. Ao cabo dalgunhas meses tería chorado se estivese fóra do asilo. Sempre polo costume. É un pouco por iso que no primeiro ano case non fun por alí. E tamén porque isto ocuparía o meu domingo, sen contar o esforzo para ir ao autobús, coller os billetes e facer dúas horas de viaxe.

Moby Dick. Capítulo I



Traducción: Xulio Cuba Orosa

Ilustración: Rockwell Kent

Chamádeme Ismael. Hai uns anos, non imposta cantos exactamente, encontrándome con poucos cartos ou ningún no peto e sen nada que me retivese en terra, decidín botarme ao mar para ver a parte líquida do mundo. É un xeito que teño de espantar a saudade e de regular a circulación do sangue. Cada vez que me vexo poñéndome de fociños; cada vez que se apodenran da miña alma as húmidas brétemas de novembro; cada vez que me vexo parado ante un escaparate de ataúdes ou incorporándome ao cortexo de calquera funeral; e, sobre todo, cada vez que a hipochondria me domina de tal maneira que só un rexo principio moral me couta de saír á rúa para tirar con todos os sombreiros dos transeúntes, entón comprendo que hai que

facerse ao mar axiña. Esta é a miña alternativa á pistola e ás balas. Catón botaba man da espada escornándose con farfalladas; eu embarco en paz. Non hai nada raro nisto. Se ben se mira, non hai ninguén que non experimente nalgúnha ocasión, máis ou menos, sentimentos semellantes aos meus respecto do océano.

Aquí está, pois, a cidade insular dos manhattois, rodeada de peiraos como as illas indíxenas polos arrecifes de coral. O comercio cínguea coas súas ondas. A dereita e esquerda, as rúas levan cara ao mar. Na punta extrema da cidade está o baluarte, augusta mole refrescada por brisas e bañada por augas que, poucas horas antes, eran invisibles desde terra. Miren vostedes a multitud que contempla as ondas.

Non hei barqueiro nen remador, o universo poético de Mendiño

♦ LAURA CORTÓN COBAS

I

Sedía-m'eu na ermida de San Simión,
cercaron-mi as ondas que grandes son:
 eu atendendo o meu amigo!
 eu atendendo o meu amigo!

II

Estando na ermida ant'o altar,
cercaron-mi as ondas grandes do mar:
 eu atendendo o meu amigo!
 eu atendendo o meu amigo!

III

E cercaron-mi as ondas, que grandes son,
non hei i barqueiro nen remador,
 eu atendendo o meu amigo!
 eu atendendo o meu amigo!

IV

E cercaron-mi as ondas do alto mar,
non hei i barqueiro nen sei remar:
 eu atendendo o meu amigo!
 eu atendendo o meu amigo!

V

Non hei i barqueiro, nen remador,
morrerei tremosa no mar maior:
 eu atendendo o meu amigo!
 eu atendendo o meu amigo!

VI

Non hei i barqueiro, nen sei remar.
morrerei tremosa no alto mar:
 eu atendendo o meu amigo!
 eu atendendo o meu amigo!

Esta cantiga, a única coñecida de Meendinho, é unha das xoias da lírica galegoportuguesa medieval. Está estruturada segundo o leixaprén, de maneira que o segundo verso da primeira estrofa repítese no primeiro da terceira, o segundo da segunda estrofa no primeiro verso da cuarta e así sucesivamente ata o final da cantiga. Tamén podemos atopar paralelismo ao longo da composición, xa que os dous primeiros versos repítense, cunhas mínimas variacións, en cada par de estrofas. O refrán ou estribillo, que resume a idea da cantiga, aparece ao final de cada estrofa, de maneira que destaca a ausencia do

amigo: *Eu atendendo o meu amigo, / eu atendendo o meu amigo.*

A rima, consonante, vai alternando entre as estrofas. Cabe destacar o tempo do poema, xa que a amiga comeza falando en pasado, segue en presente e remata por falar en futuro, nunha sucesión de tempos verbais.

Esta cantiga de amigo está ambientada na illa de San Simón, que se atopa na ría de Vigo, espectadora de moitos sucesos, dende a ocupación polos templarios nos séculos XII e XIII pasando polas revoltas irmandiñas, os saqueos protagonizados por sir Francis Drake, a batalla de Rande (1702), lazareto ou hospital para

leprosos, ata que na Guerra Civil se utilizou como cárcere de presos políticos. O lugar desborda misterio, unha illa habitada por sombras de tempos pasados. Na ría de Vigo tamén atoparon inspiración outros autores medievais como Xohán de Canegas e Martín Códax, que, xunto con Meendinho, teñen un monumento conmemorativo na illa.

Eu penso que esta cantiga ten varios protagonistas, non só a rapaza que espera polo seu amigo, senón que os elementos que a rodean, espectadores da súa desgraza, cobran protagonismo. Tanto o mar que vai subindo e rodeando a ermida, que se move ao compás dos seus sentimientos, como o mar interior que a asolaga por dentro, son protagonistas. Así mesmo, tamén é protagonista, aínda que en menor medida, a ermida de San Simón, un punto quieto nesa vertixe de sentimientos, un espectador ao longo dos anos.

A principal protagonista da cantiga é a rapaza namorada que agarda con esperanza polo seu amigo, mais pouco a pouco esa ilusión vai desaparecendo e a angustia comeza a instalarse dentro dela. Vai sentindo que o amigo xa non virá, ao mesmo tempo que a marea comeza a subir. Non ten ningúen que a saque de alí, e asume que morrerá fermosa, en plena xuventude.

Sobre o mar de Meendinho, algúns pensan que só é un mar interior o que cerca a amiga, outros sosteñen que son os dous. Eu penso que iso depende do noso modo de ver, non ten por que haber unha única interpretación. E pode que aí resida a súa maxia, que a fai única. Para mim é unha das cantigas que más me gustou porque admite varias interpretacións e porque é distinta: tráxica, misteriosa, unha das poucas cantigas de amigo que remata coa morte.





Ilustración: Fernando Vicente

A elegancia do ourizo

de Muriel Barbery, Ed. Galaxia (2008)



» HELENA PÉREZ TATO

Narra as vidas cruzadas de dúas mulleres: Renée, porteira dun luxoso edificio de París, que xa ten pasada a cincuentena, viúva e solitaria, interrompe a súa vida monótona cando toma té coa súa amiga Manuela, a limpadora do edificio; unha vez que pecha a portería, Renée dedícase á lectura, le tanto a Tolstoi como sobre física cuántica, sempre lonxe das indiscretas miradas dos seus veciños.

A outra protagonista é Paloma, unha rapaza superdotada, membro dunha das acomodadas familias que viven no edificio. Paloma rexeita a sociedade aburguesada que a rodea, teme chegar á madurez e non quere ser como a maioría dos adultos que coñece, cheos de hipocrisía; para evitalo tomou unha firme decisión: suicidarse antes de cumplir os trece anos.

As protagonistas van narrando de forma alternada como é a súa vida cotiá e describindo os veciños do edificio. Ambas as

dúas comparten moitos sentimientos, como a soidade, o sentirse baleiras ou incomprendidas. A chegada de Kakuro Ozu, exótico e culto novo inquilino, ábrelle o abano de posibilidades a Renée, quen com prenderá grazas a el que é quen de facer calquera cousa.

Na miña opinión *A elegancia do ourizo* é un libro fantástico. Tanto te emociona como te invita á reflexión xa que, á parte de todas as vivencias e sentimientos nos que te somerxe, toca temas sociopolíticos de actualidade.

Festina lente

de Marcos S. Calveiro, Ed. Xerais (2008). Ilustrador: Ramón Trigo



» PABLO PAZOS LEIRA

Este libro conta a historia do encadernador Ambrosio Cavaleiro, dende o momento que o seu mestre Ubaldo Luaces o adopta como aprendiz ata que se atopa coa Santa Inquisición e cunha secta moi interesada en protexer os segredos do seu máis prezado código, o dos Lavancos, que será o eixe da obra. A historia comeza cando o mestre Ubaldo Luaces chega á vila de Pontedeume para atopar un aprendiz coa inten-

ción de levalo ao seu obradoiro da rúa da Armada, na cidade de Santiago. Alí o protagonista vai aprender o oficio e vaise atopar con diversos encargos realizados por gran diversidade de clientes. Uns anos máis tarde, Ambrosio experimentará unha transformación radical na súa forma de actuar e pensar motivada pola morte do seu mestre, circunstancia que o fará dono do obradoiro e dos seus escuros misterios.

Namentres, Ambrosio deberase enfrentar a un proceso comezado contra el pola Inquisición debido aos encargos que decidiu realizar aínda sabendo que non estaban permitidos. Tras superar o trámite, aparece nel a curiosidade pola organización dos Lavancos, propietaria do códice, que o levará a realizar unha investigación para atopar sentido ás frases que lle dixerá o seu mestre antes de morrer sobre o devandito libro.

En toda a obra Ambrosio experimenta unha gran variedade de sensacións, dende o medo pola superstición ata o terror producido por ser vixiado pola Igrexa.


O título, que significa "Apresúrate lentamente", foi tomado dun libro da antigüidade. O debuxo é a marca do editor renacentista Aldo Manuzio. A temática é o contrabando de libros e o poder da información que conteñen. Gustoume moito pola forma que ten o autor de mostrarnos de forma detallada o século XVII e os problemas derivados de ter unhas ideas distintas á mentalidade cristiá, todo visto dende os ollos dun encadernador non conforme coa Inquisición.

Recomendo esta obra aos amantes da novela histórica e advierto que é probable atoparse coas dificultades dun vocabulario complexo.



O club da calceta

de María Reimóndez,
Ed. Xerais (2006)



♦ LAURA CORTÓN COBAS

Este libro, cun marcado toque feminista, fala de batallas pola superación de estereotipos sociais, de loitas interiores que son as más difíciles porque te debates contra ti mesma e as túas circunstancias. Fala de mulleres cansas de baixar a cabeza.

Un preludio de ton irónico, que impera na novela, introducenos na rede de críticas contra as diversas caras que adopta a discriminación da muller, considerada un obxecto sen capacidade para tomar a iniciativa e levantar a voz. Veñen logo seis capítulos e unha especie de epílogo. Seis capítulos, seis mulleres que teñen en común as ansias de liberdade e que grazas ao club de calceta atopan a enerxía para volver a comezar unha nova vida, dirixida por elas mesmas.

Matilde intenta aceptarse a si mesma e que a acepten os demás. Ten que aturar un marido berrón. Loita contra os prejuízos debidos á súa estatura. Atopa na calceta a liberación da súa forma de ser, ao mesmo tempo que consigue roupa que lle resulta acaída.

Anxos, comprometida cando era nova, loita contra a apatía e a inercia que se apoderou da súa vida. Atopa no club de calceta un lugar para se desafogar, onde a escoitan e entenden, un sopro de aire fresco que despexa as súas ideas. Tamén destacan da súa época da universidade, Ana, unha amiga que di o que pensa, firme defensora do cambio, e un profesor, Legazpi, a través

dos cales se defende a lingua galega e se critican distintos aspectos da sociedade.

Rebeca, unha loura imponente que loita contra os estereotipos, intenta facerse un oco entre os homes. Loita contra as inxustizas, contra os que se cren superiores, contra os plans da súa nai e polo recoñecemento. Atopa no club de calceta un lugar onde a valoran polo que di e pensa e non polo seu físico; un lugar onde se expresa con liberdade e non ten que calar.

Elvira, unha anciá que dedicou a súa vida a coidar da Virxe da súa parroquia e que tivo sorte de poder facer o que quería, loita contra a hipocrisia e as inxustizas, personificadas no párroco da igrexa. Persoa observadora e honesta, na parroquia ten que calar por ser muller, porque non se vería aceptable que na igrexa se puxera a dar un sermón. Atopa compaña no club de calceta, onde si pode dicir o que pensa.


Luz, unha prostituta que desexa saír dese mundo pero que ten medo de facelo, pois non coñece outra vida e teme os prexuízos, atopa no club da calceta un respiro, un lugar onde é ela mesma e pode esquecerse do seu contorno. A través de Luz tamén se ve desaprobación da idea de considerar a prostitución como un traballo máis.

Fernanda, unha discapacitada que loita contra as barreiras físicas e psíquicas, tanto por ser discapacitada como por ser muller, persegue os seus soños axudada polo seu marido. É a excepción. Atopa no club da calceta un lugar sen barreiras, onde todas comparten todo e se axudan.

E, por último, a tíia Davinia, unha sombra que voa sobre elas liberándoas das súas ataduras, chea de gratitudade cara ás mulleres que nos precederon.

As seis mulleres van gañando batallas axudándose unhas ás outras. No último capítulo converxen todas as historias coa maioría das loitas gañadas. Chamaronme a atención os títulos dos capítulos porque, aínda que por separado non digan nada, a cousa cambia cando os observas en perspectiva. Elástico, Diantreira, Mangas, Colo, Traseira, Puños, Xersei. Unha progresión, os distintos estados polos que pasa un xersei, as fases polas que pasan as mulleres.

Primavera no Lor



Eduardo Moreiras

• RICARDO RAMA EIROA

Para Hermann Hesse, a vida de cada persoa é un camiño cara a si mesmo. Iso é este libro, *Primavera no Lor* (Ed. Galaxia, 1974); a viaxe interior de Eduardo Moreiras (Quiroga, 1914-Vigo, 1991) na busca do seu pasado, simbolizada na viaxe pola beira do Lor, río do Courel, desde Vilamor ata a súa confluencia co Sil.

O lector vai camiñando tamén nesa viaxe de autodescubrimento. No dicir de Raymond Aron, "coñecer o pasado é unha forma de liberarse del porque só a verdade permite asentir ou repudiar con total lucidez". Co pasado aferrado e ben comprendido, pódese chegar a desembarazar da culpa e da obsesión que te acompaña.

Durante a lectura destes relatos sentes que realmente estás tendo un vínculo con Moreiras, como se ti escribises o libro. É tan próximo que desprende esa sensación. O ambiente natural dota á obra dunha paz que ubica moi ben a historia, embelecéndoa con oportunas descripcións da paisaxe que en ocasións son verdadeiras revelacións para os sentidos.

O fío argumental é bo, e os saltos temporais con historias intercaladas que despois toman forza son magníficos. Os personaxes están moi perfilados e sutilmente esborranchados, xa que nalgúns momentos

parecen verdadeiras pantasmas do pasado, en especial Ana, un personaxe para recordar na literatura galega.

É unha pena que Eduardo Moreiras, e este libro en especial, queden relegados ao case total esquecemento da poboación galega, xa que apenas hai reseñas do autor nin da obra, e deste xeito asentouse como unha novela de culto, que quizais lle deu máis atractivo, xa que estando relegada a un menor número de andeis (atopar o libro en librerías foi imposible, só en especializadas podíalo atopar), o pracer de lelo aumenta se cabe.

É un libro totalmente aconsellable, unha xoia entre as xoias, no que ata hai sorpresas coa inclusión de elementos relixiosos, con crítica social, con enxalzamento da paisaxe rural, ata conta con elementos cabaleiriscos, que dotan a algúns momentos dunha atmosfera nova, e crean en si mesmo un mundo que se afasta da realidade, pero que se mantén vinculado con ela, enganando aos sentidos. Hai que lelo detidamente, varias veces, para poder sacar o mellor resultado posible á lectura. En definitiva, un gran libro, un dos mellores que lin en galego, indispensable.

mundo feliz. Cando Bernard viaxe coa súa compañoira Lenina a unha reserva de "salvaxes" (individuos que viven con costumes que podemos considerar actuais) coñecerá a John, un salvaxe froito da relación entre un home e unha muller civilizados, pero que quedara atrapada na reserva. John viaxará ao mundo feliz con Bernard, Lenina e súa nai. Unha vez alí, o forte contraste da súa forma de vida ata ese momento coa que predomina neste novo lugar para el levarao non só a rebelarse e criticar este mundo, senón que espertará a reflexión de se esta sociedade é perfecta e se os individuos son felices realmente.


O autor, ao incluír individuos diferentes aos patróns desta sociedade, pretende levarnos a esta reflexión. Ademais deixá plasmada en repetidas ocasións unha destacada ironía ao mencionar as características do mundo feliz con respecto á nosa forma de vida actual. Isto leva a cuestionarnos se o camiño que está tomando o mundo hoxe é o correcto ou se imos rumbo ao que se describe na obra, se a felicidade que posúen os individuos é real e outras cuestións filosóficas.

Un mundo feliz, de Aldous Huxley

♦ ÉRIK CALVO GARCÍA


Novela contemporánea que reflicte unha sociedade futura, consumista, con individuos sometidos por unha serie de condicionamentos que restrinxen a súa liberdade. Nela destacan a repulsión ao concepto de fogar e as relacóns entre pais e fillos, a falta de medo á morte, o rexeitamento da monogamia, o consumo de drogas para inhibir os sentimientos melancólicos, a organización en clases e o consumismo.

Nesta civilización aparentemente perfecta destan as figuras de dous amigos: Bernard Marx, descontento co mundo que o rodea, e Helmholtz Watson, quen tampouco ve este



Betanzos e o seu cine

♦ JAIME PITA VARELA



Mariano Alfonsetti, de orixe italiana aínda que el naceuse nas Canarias, inaugura alá por 1865 o teatro (daquela había acuartelamento, foi cando o convento de Santo Domingo pasou a mans municipais). Logo quedou baleiro, ata que no 1875 o collera o meu avó, Claudio Pita, betanceiro, artesán do coiro xa desde múltiples xeracións. A maiores, o meu avó cerca do 1885 abre na praza García Irmáns, no Cantón, a súa tenda-librería e tamén é o que fai o globo. Na librería facía ademais faroliños e obxectos para iluminar nas festas, por exemplo, as da Peregrina, do Apóstolo, da Coruña e incluso encárganlle a iluminación do Parque do Retiro.

No seu obradoiro podemos dicir que elabora un pre-cinematógrafo, no seu taller e no teatro, que era un local ben grande. Dádevos conta que a lonxitude do globo é a que tiña o patio de butacas do teatro Alfonsetti. Hai libros sobre o tema, e hai fotos; é interesante sobre todos un que publicou a Deputación, de Alfredo Erias,

polígrafo, e a quen se lle debe unha magnífica exposición itinerante de enterramentos medievais feitos a plumilla. De feito, dez anos antes que os Lumière o meu avó xa proxectaba sombras chinesas. Escurecían a praza de Betanzos e nunha pantalla xigante eran proxectadas. Logo, cando veu o cine, alugábanse as cintas e o proxector (porque era itinerante, o señor ía e viña co seu proxector), e ademais había representacións teatrais.

O vello teatro vivino eu, era precioso, todo de madeira ben labrada, os panos de lenzo pintados, os camerinos... Recordo que foi aquí un dos primeiros sitios onde actuou José Isbert. Viñan compañías e revistas cubanas. Un dos escenógrafos e decorador más notables foi Camilo Díaz Valiño, gran pintor que fora tenente de alcalde do Concello de Santiago; pintaba no globo e tamén no teatro. Outro dos grandes que estreou obra aquí foi Armando Cotarelo Valledor, o dramaturgo autor de obras en galego como *Trebón, Hostia e Beiramar*.

Desde comezos do século XX, o teatro pasou a ser cine estable. Hoxe, xa en mans do Concello, estase rehabilitando para integralo no Centro Cultural de Santo Domingo, o que constitúe un gran proxecto de recuperación de núcleos culturais importantes de Betanzos como o Arquivo Notarial do Reino de Galicia, ou o Arquivo Francisco Vales Villamarín, quen fora secretario perpetuo da Real Academia Galega e cronista oficial de Betanzos, pero coa idea de que continúe como teatro e cine. Debemos de ter en conta que o de Betanzos é o cine máis antigo de España.

2009-10: crítica de cine

•• DANIEL MOSQUERA MARTÍNEZ

Este curso deixounos unha das películas con maior recadación da historia, un éxito de público mais non tanto de crítica: *Avatar*, favorita nos Oscar e que ao final só levou premios técnicos menores. Non deixa de ser unha de aventuras normal e corrente, entretida pero que non traspasa as fronteiras narrativas como o fai no aspecto técnico, pois é un filme visualmente sensacional. De todos os xeitos aplaudimos a ambición de James Cameron ao realizala nun campo aínda pouco explorado como o 3D.

O favor da crítica ocupouno *En terra hostil*, ambientada na guerra de Iraq sobre un grupo de desactivadores de bombas e que levou seis Oscar, salientando os de mellor película, director e guión orixinal. Certamente é un gran filme, apoiado na grandiosa interpretación de Jeremy Renner, cun ritmo propio dun gran *thriller* que deixa a un impactado ante as tensións diárias da guerra. A súa mensaxe, que a guerra é unha droga, queda maxistralmente reflectida nun gran final: o home rexeita o que ve e ocorre na guerra, pero vive e non pode desvincularse dela.

Entre as outras nominadas aos Oscar, destacamos *Up*, unha nova xoia de Pixar que volve crear unha combinación case perfecta entre comedia e drama; *Malditos bastardos*, nova e peculiar obra de Quentin Tarantino, ambientada na 2ª Guerra Mundial e apoiada nun grande elenco de actores como o mellor secundario deste ano (Christophe Waltz), Brad Pitt e até o mesmísimo Rod Taylor; e por último a británica *An education*, apoiada na sorprendente interpretación de Carey Mulligan, actriz que representa a unha adolescente que descobre o mundo da man dun home maior ca ela. Unha verdadeira sorpresa que se meteu nesa rara amalgama de filmes nominados ao Oscar.

Neste 2009-10 volveron tras moito tempo Martin Scorsese e Francis Ford Coppola. O primeiro dirixiu *Shutter Island*, estranxo *thriller* desenvolvido nun cárcere

psiquiátrico, baseado na psique humana e que deixa algo frío sobre todo co desenlace. De todos modos, ten algunas escenas realmente memorables e unha grande banda sonora. Tamén Coppola retornou con *Tetro*, singular historia baseada nunha familia de artistas ambientada na Arxentina; pasou completamente desapercibida, pero persoalmente atópolle moitos detalles nos que se pode apreciar o xenio de Coppola, aínda que teña un guión inverosímil.

Polo demais, cómpre salientar unha nova película sobre o mítico personaxe de Sherlock Holmes na pel de Robert Downey Jr., entretida, ben narrada e visualmente potente, que engancha dende a primeira escena; *Nine*, musical inspirado nunha peza teatral de Broadway á súa vez baseada na obra mestra de Fellini *8 e medio*, con Penélope Cruz e o sempre solvente Daniel Day-Lewis; tamén unha nova comedia de Woody Allen, *Se a cosa funciona*, algo vulgar e pouco graciosa; e *Inimigos públicos*, de Michael Mann, con Johnny Depp encarnando o famoso delincuente Dillinger, unha preciosista película pero con pouca vida.

Das españolas, subliñamos *Celda 211* de Daniel Monzón, a triunfadora de crítica e público; non deixa de ser un entretido filme carcerario cunha abraiante actuación de Luís Tosar; *Ágora*, de Amenábar, recreada na antiga Alejandría; a irregular *As apertas rotas*, de Pedro Almodóvar; a curiosa *A noite que deixou de chover*, ambientada na cidade de Santiago, con Luís Tosar no papel principal: unha sinxela historia de amor que non tivo case público nas nosas salas; e *O segredo dos seus ollos*, de coproducción hispano-arxentina, film clásico no bo sentido da palabra: in-mellorables interpretacións, gran historia e o pulso cinematográfico dun grande director actual como é Juan José Campanella. Unha obra mestra, a mellor película que vin este ano.



Vista da Coruña, por Ruth Matilda Anderson.

Ruth Anderson, unha ollada de antano

♦ MIGUEL CARBALLO NOYA

Ruth Matilda Anderson (1893-1983), fotógrafa americana, fixo nos anos vinte unha reportaxe para a Hispanic Society of America de Nova York acerca de España e os seus costumes. O seu primeiro libro foi un repertorio fotográfico da cultura popular galega que pudemos ver de outubro de 2009 a abril de 2010 na Fundación Caixa Galicia.

A exposición contou cunha pequena introdución na que vimos retratados a propia Ruth Anderson e mais seu pai. Destaca a gran diferenza entre as súas vestimentas e as da Galicia da época, incluso a súa forma de vida, libre, sen ter que estar ao coidado dun fogar, eran unha novidade para a xente da época. Nunha sección da vestimenta vemos calzado hoxe en día nada utilizado, como os zocos, ou os traxes feitos a man pola propia xente. Sección salientable tamén é a das paisaxes, un contorno único estragado hoxe

polo boom inmobiliario.

Parte moi interesante da exposición foi a dos oficios, o contraste entre a dureza da pesca e a agricultura e a actual; o afiador, o zoqueiro, as fandeiras e moitos máis labores que facían a vida moi diferente á de hoxe; as feiras, centro de actividade das cidades e vilas, onde reinaban os trocos. Aínda se conservan mostras da arquitectura rural (non podemos esquecer espazos como as galerías, únicas na arquitectura).

Finalmente, están retratadas as xentes, cunhas expresións de sufrimento que son difíciles de encontrar nos nosos tempos. Xente que viviu a súa vida na máis absoluta pobreza, parecendo moitos deles mortos en vida, con rostros estragados polas penalidades. Pero aínda así, as xentes sabían divertirse e tiñan ansia de asistir a festas e romaría.

alén da chuvia

2

Alejandro Arbaízar Mazás ■ Érik Calvo García ■ Miguel Carballo Noya ■ Laura Cortón Cobas ■ Xulio Cuba Orosa ■ Antía Figueroa Romero ■ Yaiza Figueroa Romero ■ Antón Fondo Rodríguez ■ Claudia González Caparrós ■ Hilario González Fernández ■ Cristina Incio del Río ■ Ezequiel Jabares Cubillas ■ Ángela Leitão ■ María José Martínez Girón ■ Francisco Mos Calo ■ Daniel Mosquera Martínez ■ Pablo Otero Fernández ■ Olga Patiño ■ Pablo Pazos Leira ■ Xosé Pérez Mondelo ■ Helena Pérez Tato ■ Jaime Pita Varela ■ Ricardo Rama Eiroa ■ Vicente Reboleiro González ■ María Teresa Rodríguez Taboada ■ Alejandro Roura Blanco ■ Román Vello Pombo